

Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola SPN

Masas consolidadas de frondosas autóctonas

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Masas consolidadas de frondosas autóctonas

Quercus spp. e Castanea spp.

MODELO SILVÍCOLA SPN


Persistencia, produción múltiple e conservación da biodiversidade mediante silvicultura próxima á natureza

1 REXENERACIÓN

- En formacións procedentes de rexeneración natural: >3.000 plantas/ha nos bosquetes en rexeneración.

2 MANTEMENTOS

- Rozas en bosquetes para axudar a rexeneración natural.
- Rozas perimetrais en zonas de matogueira.
- Nos traballos de roza, evitarase a redución de diversidade do sotobosque e actuarase sobre o mato nos bordos da masa.



MODELO SILVÍCOLA SPN

ESPECIE: masas (principalmente xénero *Quercus spp*) consolidadas de frondosas autóctonas e outras formacións de frondosas

OBXECTIVO: persistencia, produción múltiple e conservación da biodiversidade en masas consolidadas de frondosas autóctonas mediante silvicultura próxima á natureza

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Formacións de frondosas capitalizadas e con arborado de potencial comercial presente ou futuro

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- Podas: non serán necesarias.
- Conservación de hábitats: asegurase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.

4 CORTAS DE REXENERACIÓN

- Idade de corta: non é necesario fixar unha quenda, xa que se busca a cuberta forestal continua.
- Cortas de mellora e rexeneración: as intervencións serán de mellora e rexeneración ao mesmo tempo (por entresaca por grupos ou bosquetes). Rotación de cortas de 5 a 10 anos, actuarase simultaneamente en árbores de todas as idades, cortando cada vez menos do 20 % das árbores. Entresaca por grupos de pés ou por bosquetes, que manteña unha estrutura irregular en toda a mouteira.